

Denunciamos na Inspección de Traballo que se incumpra a Lei de PRL nas avaliacións do persoal de risco e no material de protección docente

Neste momento o persoal docente que solicitou que se avaliara a súa situación de risco pola COVID-19 está a recibir respostas idénticas e asinadas nalgún caso por persoal facultativo que non é especialista en Medicina do Traballo

Despois de máis dun mes desde o inicio de curso a realidade nos centros é que se esgotou ou está a piques de facelo a partida de máscaras enviadas pola Xunta e que a maioría do profesorado leva o seu propio material.

A Consellaría de Educación segue facendo oídos xordos á maior parte das demandas do profesorado con respecto á xestión da crise sanitaria nos centros educativos, mesmo incumprindo a Lei de prevención de riscos laborais nas formas e no fondo da súa actuación. Ao longo deste mes moito profesorado (a Consellaría non facilita os datos de cantas solicitudes se presentaron) está recibindo **resposta á solicitude de vulnerabilidade especial fronte á Covid-19** e estase a cumprir o mesmo patrón na actuación da administración. Por un banda, están a recibir **a mesma contestación “tipo”** sen referirse especificamente á situación persoal de cada docente. E por outra **non se lle están requirindo informes médicos nin ningunha documentación** para facer unha avaliación real da situación de especial sensibilidade de cada persoa como se pode comprobar nos documentos aos que tivo acceso a CIG-Ensino. Pero ademais, tamén constatamos que estas resolucións no caso de proceder directamente da administración están sendo asinadas pola inspección médica das Xefaturas Territoriais que, cando menos na da Coruña, non está especializada en Medicina do Traballo, como obriga a normativa de prevención.

Noutras ocasións a resolución emítese desde a entidade privada que a Xunta vén de contratar para realizar esta avaliación pero de novo faise sen levar a cabo unha avaliación previa das condicións de saúde ou específicas do posto de traballo do persoal solicitante.



A CIG-Ensino ve nesta actuación unha vulneración clara da Lei de Prevención de Riscos Laborais e por iso presentou unha denuncia ante a Inspección de Traballo da Coruña para que actúe en consecuencia ante a actitude da Consellaría quen, por certo, e malia esixírselle por escrito e de forma presencial en reiteradas ocasións, segue sen convocar os Comités provinciais e o Comité Intercentros de Seguridade e Saúde Laboral para analizar todas as casuísticas que se están a producir nos centros este comezo de curso por mor da pandemia, o que demostra o desleixo da administración ao respecto das condicións de seguridade de profesorado e alumnado.

O material de protección, tamén será avaliado pola Inspección de traballo

Nas semanas transcorridas desde o comezo do curso escolar foron múltiples as cuestións que se trasladaron ao sindicato tanto desde as direccións

dos centros como do profesorado a nivel individual ao respecto da protección da saúde da comunidade educativa e da dotación de material axeitado para desenvolver o noso traballo nos centros educativos. Desde o sindicato consideramos fundamental dar resposta a todas as actuacións que consideremos negligentes ou incorrectas por parte da administración e por iso incluímos na denuncia que se trasladou á Inspección de Traballo esta cuestión.

A Consellaría, obrigada a dotar de material de protección axeitado

Cómpre ter en conta que a Consellaría ten a obriga de dotar a todo o persoal do centro con máscaras ou calquera outro elemento de protección individual necesario. É unha obriga legal recollida na Lei de Prevención de Riscos Laborais tanto para empresas privadas como para as administracións públicas. Non o facer é ilegal e debe ser denunciado, tanto a nivel xeral como xa fixo a CIG-Ensino ante a Inspección de Traballo, como a nivel individual, para o que o sindicato xa está a asesorar a docentes que se senten desprotexidos.

A protección mínima que esixe a lei sería a das máscaras hixiénicas ou cirúrxicas que se deben proporcionar a todo o profesorado e persoal do centro. “Como sabemos estas máscaras non protexen a quen as leva do contaxio, senón de contaxiar aos demais. Polo tanto, cando se traballa con alumnado que non usa máscara ou que se sospeite poida estar contaxiado ou cando hai circunstancias do noso posto de traballo que elevan o risco (como mínimo nos casos recollidos no protocolos de instrumentistas de vento en aulas de Música, aulas de Audición e Linguaxe, Atención a Necesidades Educativas Especiais, Educación Infantil, ou similares) é fundamental traballar con máscaras FFP2 que teñen un maior grao de protección. As denuncias presentadas pola CIG ante a Inspección de Traballo inciden especialmente nesta falta de protección”, tal e como explica o secretario nacional da CIG-Ensino, Suso Bermello

Unha maior protección é necesaria

“Mais tamén cada vez son máis as voces que se levantan, especialmente desde o ámbito científico, para indicar que o nivel mínimo de protección debería ser o das máscaras FFP2 para todo o profesorado, debido a que desenvolvemos o noso traballo en lugares pechados, con pouca o deficiente ventilación e con ratios elevadas”, continúa Bermello quen incide en que nestes casos é nos que

se atopa a practica totalidade do profesorado e do persoal non docente. “A Consellaría só distribuíu, como sabemos, unhas máscaras hixiénicas que para nada se acercan a estes estándares de protección. Ademais en moitos centros esta partida inicial xa se esgotou ou está a piques de facelo e o que temos constatado é que a maior parte do profesorado está a levar as súas propias máscaras por non fiarse da seguridade das proporcionadas pola administración. Isto é unha situación lamentábel que incumpre as obrigas que ten unha institución pública con respecto ao seu persoal”, insiste Bermello.

A ventilación, a materia pendente nos centros educativos

Tamén é motivo de preocupación, especialmente agora que comeza o frío, a ventilación das aulas. Existe un documento elaborado polo Ministerio de Sanidade e unha guía do Ministerio de Ciencia e Innovación e do Consello Superior de Investigacións Científicas nos que se incide especialmente na necesidade de dotar as nosas aulas dunha boa ventilación. As máis recentes consideracións sanitarias van na liña de centrar os aerosois como principal medio de transmisión do virus, o que en aulas pechadas e con moitas persoas dentro implica unha maior exposición ao risco.

Neste sentido Suso Bermello é contundente. “Ventilar si, e ventilación natural tamén, mais non podemos pensar que imos pasar o inverno coas xanelas abertas. A día de hoxe xa sabemos de moitos centros do interior do país nos que o alumnado vai con mantas a clase e nos que tanto docentes como alumnado pasan frío malia estar totalmente abrigados. Isto non se pode consentir”.

A que espera a Consellaría de Educación para tomar unha decisión sobre a ventilación das nosas aulas? Deben dotarse as aulas de purificadores de aire con filtros HEPA? Deben realizarse medicións de CO2? Van tomar as decisións como vén sendo habitual tarde, mal e arrastro? Hai centros nos que as ANPAs ou as direccións tomaron pola súa propia conta decisións ao respecto e isto non debe ser a pauta a seguir. Para que ten a Xunta un comité médico? Para que ten a Consellaría un comité covid-19 e un servizo de PRL? Esiximos que se tomen decisións xa e que sexan para todos os centros, sentenciou Bermello.